

FUNCIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

A función principal do **Departamento de Orientación** é a de coordinarse cos mestres/as e especialistas para tomar decisións na intervención educativa, así como dar resposta ao alumnado e ás familias que o demanden.

COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

O Departamento de Orientación está composto polos seguintes profesionais:

- **Orientador/a:** asesora á comunidade educativa e ás familias nos aspectos académicos, persoais e sociais do alumnado.
- **Mestre/a especialista en Pedagogía Terapéutica:** presta atención directa ao alumnado para o reforzo no ámbito das competencias académicas.
- **Mestre/a especialista en Audición e Linguaxe:** presta atención directa ao alumnado para reforzar o ámbito comunicativo - lingüístico.
- **Coordinador de ciclo de EI e dos niveis de EP:** recadando información sobre as necesidades a valorar.

**Cada titor/a poderá solicitar a intervención do Departamento de Orientación cando considere necesaria a valoración dun alumno/a de cara a mellorar as súas capacidades e competencias.*

CRITERIOS PARA A UTILIZACIÓN DOS SERVICIOS DE APOIO

Tendo sempre como referentes os principios de igualdade, normalización e inclusión, os mestres/as e os especialistas de pedagogía terapéutica e audición e linguaxe xunto co orientador/a, establecerán o horario de atención ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo, así como as distintas modalidades. Para o deseño desta atención, teranse en conta os seguintes **criterios prioritarios**:

1. Atenderase a aquel alumnado que así o aconselle a correspondente **avaliación psicopedagóxica**.
2. Atenderase ao alumnado obxecto dunha **Adaptación Curricular Significativa**.
3. Continuarase cos **apoios** realizados no **curso anterior, priorizando de 1º a 6º de Educación Primaria**.
4. En **Educación Infantil** só se apoiarán aqueles casos determinados no correspondente informe psicopedagóxico, priorizando dos 3 aos 6 anos.
5. Buscarase un **apoyo de calidade** fronte ao de cantidade.
6. Atenderase primeiro aos reforzos educativos que **repiten curso**.
7. **O apoio será**, na medida do posible, **dentro da aula ordinaria**, salvo casos que necesiten unha atención máis individualizada.

(Plan Xeral de Atención á Diversidade)

ATENCIÓN DOS ALUMNOS/AS

- Demanda do mestre/a ao xefe de estudos ou orientador/a.
- Cubrir **solicitud de intervención** para a derivación.
- Concertación de **entrevista co mestre/a**.
- Observación dos cadernos de traballo do alumno/a.
- Revisión do expediente académico do alumno/a.
- Primeira **valoración**.
- Entrevista cos **pais/nais/titores** legais e deseño de **intervención provisional** en colaboración co mestre/a e especialistas.
- Intervención directa (alumno/a-orientador/a), previa información aos pais/nais/titores legais, a fin de realizar unha **valoración psicopedagóxica** máis exhaustiva (de ser necesario).

Preténdese, por unha banda desenvolver **actuacións preventivas** (proactivas) e, por outra, **actuacións reactivas** nos casos que así o precisen.



IMPORTANTE:

Cando os reforzos educativos das mestras de apoio son na aula ordinaria, os mestres/as deben coordinarse nos aspectos a traballar co alumnado, para aproveitar ao máximo o seu rendemento e a inclusión na aula ordinaria.



*O orientador/a permanecerá no **C.E.I.P. Plurilingüe Nantes**: os martes de 9:30 a 14:30 e de 16:00 a 18:30; e os xoves de 9:30 a 14:30.

*O mestre/a especialista en **Pedagogía Terapéutica** permanecerá no centro: de luns a venres de 9:30 a 14:30; e, ademais, os martes pola tarde de 16:00 a 18:30.

*O mestre/a especialista en **Audición e Linguaxe** permanecerá no centro: de 9:30 a 14:30; e de 16:00 a 18:30 de luns a xoves; e os venres de 12:30 a 13:15 posto que é o día que comparte as súas funcións coa **EEI de Aíos**.



“Unha escola debe ser un lugar para todos os nenos e nenas, non baseada na idea de que todos/as son iguais, senon que todos/as son diferentes”

Loris Malaguzzi



XUNTA DE GALICIA
C.E.I.P. Plurilingüe Nantes
Rúa Pedrouzos, 2 CP: 36.969 Nantes
Tlfn. 886151669
E-mail: ceip.nantes@edu.xunta.es

C.E.I.P. PLURILINGÜE NANTES



**DEPARTAMENTO DE
ORIENTACIÓN**